

PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN PARA O USO DAS INSTALACIÓNES DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE XESTIÓN DIRECTA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES.

Índice

Preámbulo	3
Obxecto	4
Ámbito de aplicación	4
Normativa de obrigado cumprimento e documentación de apoio recomendada para a volta aos adestramentos	5
Lexislación e normativa de obrigado cumprimento	5
Medidas de control e seguimento.....	5
Normas xerais do protocolo.....	6
Normas xerais do uso das instalacións:	8
Normas específicas de uso dos vestiarios:	11
Normas específicas de uso dos aseos:.....	11
Normas específicas de uso de salas e ximnasios:	11
Normas específicas para o acceso de público as instalacións:.....	12
ANEXO: AFORO POR ESPAZO DEPORTIVO	13
Aforos no COMPLEXO DEPORTIVO DE O POMBAL.....	13
Aforo no PAVILLÓN DE SANTOME E XIMNASIO DO COLEXIO	13
Aforo no PAVILLÓN DE CABANILLAS	13
Aforo no CAMPO DE FÚTBOL DE BURGÁNS.....	13

ANEXO: DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN.....	1
ANEXO: FORMULARIO DE CONTROL DE ASISTENCIA ÁS INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS CONFORME PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN COVID19.....	2
ANEXO:MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOSE COMPETICIÓN.....	3
ANEXO: DECÁLOGO DE COMO ACTUAR NO CASO DE TER SÍNTOMAS DE COVID19.....	4

Preámbulo

Como consecuencia da situación que se está a vivir, derivada da pandemia provocada polo virus SARS-CoV-2 que ocasiona a COVID19, se decretou, o 14/03/2020, o estado de alarma (RD 463/2020), e as súas posteriores prorrogas que obrigaron, ao Estado da Nación, á adopción dunha serie de medidas extraordinarias reguladas mediante a oportuna norma xurídica.

O “Consejo de Ministro” do 28/4/2020 acordou o “Plan para la transición a la nueva normalidad” que dispón un proceso de desescalada gradual, asimétrico e coordinado para conseguir que, mantendo como referencia a protección da saúde pública, se recupere paulatinamente a vida cotiá e a actividade económica, minimizando o risco que representa a epidemia para a saúde da poboación.

En cumprimento do citado Plan, o 9/6 ditouse o Real Decreto-Ley 21/2020, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID19 que, entre outros conforme o disposto no seu artigo 2.2, serán de aplicación naquelas unidades territoriais que superasen a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Así pois, a Xunta de Galicia, mediante acordo do seu Consello, aprobou, con data 12/6, as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID19, unha vez superada a fase III, e que nos seus artigos 3.20, 3.21, 3.22, 3.23 e 3.24 regula aquelas medidas que son de aplicación no ámbito da actividade física e o deporte.

Esta situación extraordinaria, así como a súa regulación obriga á que para unha reactivación da actividade nas instalacións deportivas Municipais que respecte o promulgado deber xeral de cautela e protección da saúde mentres perdure a crise sanitaria ocasionada pola COVID19, fai obrigatoria a aplicación dun protocolo básico para a o uso das instalacións deportivas municipais.

A reactivación da actividade deportivas nas instalacións deportivas so poderán acadar o éxito esperado e a relativa normalidade coa máxima corresponsabilidade de todos os axentes implicados (directivos, deportistas, técnicas/os, persoal municipal, etc) no cumprimento das normas xerais impostas polas autoridades sanitarias (distancia de seguridade interpersoal e o uso de máscaras).

O presente documento terá un **carácter dinámico, de tal xeito que estará en constante revisión** para poder adaptarse de xeito rápido a cada un dos momentos que se están a vivir, e das directrices fixadas polas autoridades, principalmente, sanitarias.

O presente protocolo ten un carácter complementario e subordinado as exixencias e pautas establecidas polas autoridades sanitarias e deportivas en cada momento.

Obxecto

Este documento pretende a regular á práctica deportiva nas instalacións deportivas municipais adoptando as medidas de prevención, e hixiénico-sanitarias necesarias para facer fronte á pandemia provocada pola COVID19 conforme ao disposto polas autoridades sanitarias e deportivas.

Ámbito de aplicación

Aquelas instalacións que están xestionadas directamente polo Servizo Municipal de Deportes e que contan co mínimo persoal necesario para o seu control, vixilancia, supervisión e mantemento, e que se detallan a continuación:

- Pavillón Municipal de O Pombal
- Pavillón do Colexio de Santomé
- Pavillón do CEIP Ramón Cabanillas
- Campo Municipal de fútbol O Pombal 1
- Campo Municipal de fútbol O Pombal 2
- Pista Municipal de atletismo O Pombal
- Pistas Municipal de tenis O Pombal
- Pavillón Municipal Náutico O Pombal
- Campo Municipal de fútbol Burgáns

A actividade a desenvolver e mentres a normativa reguladora do sector non varíe, **será sen contacto físico**. Característica que se considera básica e fundamental para a interpretación e aplicación do protocolo, e a determinación da actividade deportiva a desenvolver nas Instalacións Deportivas Municipais.

As actividades que se poden desenvolver nas instalacións deportivas son aquelas reguladas no presente documento, e que, previamente, sexan autorizadas polo Servizo Municipal de Deportes.

Poderán acceder as instalacións municipais usuarios individualmente ou colectivamente, o acceso para as persoas menores de idade sempre será cunha persoa adulta, e sempre que se atopen **libres dalgunha sintomatoloxía**, sendo responsabilidade exclusiva dos deportistas ou das entidades deportivas o seu cumprimento e control.

Normativa de obrigado cumprimento e documentación de apoio recomendada para a volta aos adestramentos

Lexislación e normativa de obrigado cumprimento:

Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan Territorial de emerxencias de Galicia (Platerga).

- Resolución da Secretaría Xeral de Deporte, polo que se aproba o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO polo que se establecen as medidas para facer fronte a crise sanitaria ocasionado polo COVID19 no ámbito do deporte federado de Galicia.
- Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO.

Medidas de control e seguimento

No caso de que unha persoa da entidade deportiva con acceso as instalacións deportivas municipais teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao responsable da entidade deportiva e esta ao servizo galego de saúde (teléfono 900400116) para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade. Neste senso considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

En caso de detección dun positivo por COVID-19 nun membro da entidade deportiva deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. Se a detención se produce na instalación procederase ao illamento nun local pechado, á colocación de máscara cirúrxica e aviso ao 061. En todo caso procederase á limpeza e desinfección das instalacións deportivas.

A actividade deportiva requirirá a concertación de cita previa de luns a venres de 16:00 a 22:00 horas a través do teléfono 986520910 ou a formalización de peticións de uso das instalacións por parte dos clubs deportivos, para acceder as mesmas, os deportistas individuais será necesario a identificación onde figure o nome, apelidos, D.N.I., dirección e teléfono. A entidade deportiva por medio do coordinador ou persoal técnico responsable do grupo, deberá entregar o formulario (ver anexo) que porá a súa disposición o Servizo Municipal de Deportes. A actividade deportiva organizarase de maneira individualizado ou por grupos, **sen contacto físico**, por quendas previamente estipuladas, **fora das cales non se poderá permanecer na instalación e de maneira que se evite a acumulación de persoas nos accesos, tanto ao inicio como á finalización da quenda.**

Unha vez finalizada a actividade se deberá informar de calquera circunstancia xurdida ao longo da actividade susceptible de ter en conta por mor da extraordinaria situación sanitaria: abandono anticipada da actividade, síntomas de posible enfermidade, etc.

Normas xerais do protocolo

O presente protocolo, que será plenamente vinculante, é de obrigado cumprimento por parte dos deportistas individuais así como das entidades deportivas usuarias da instalación baixo a súa exclusiva responsabilidade, e serán as responsables do cumprimento por parte das persoas que o integran (deportistas, adestradores, coordinadores, delegados, etc.); sen prexuízo das normas que se publique por parte da autoridade competente durante o transcurso da pandemia.

Se deberá seguir, en todo momento, as indicacións do persoal do Servizo de Deportes, e, en especial, do operario/conserxe de servizo na instalación.

Previo ao inicio da actividade, as federacións deportivas galegas correspondentes as modalidades que pretendan desenvolver as entidades deportivas nas instalacións municipais, deberán dispor dun protocolo, previamente aprobado mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e no que se establezan as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística. O protocolo FISICOVID da ou das modalidades deportivas será, xunto con este protocolo, e o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da SXD de obrigado cumprimento pola entidade usuaria das instalacións.

As actividades deportivas que se poden desenvolver nas instalacións municipais viran determinadas, en cada momento, segundo a situación existente e seguirán as recomendacións das autoridades competentes.

A entidade deportiva usuaria da instalación se responsabiliza, ademais, do cumprimento do presente protocolo, indicacións do persoal municipal e da distinta normativa, en especial das seguintes:

- Protocolo FISICOVID-.DXTGALEGO da SXD.
- Protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva.

Para o uso da instalación, e **previo á autorización municipal** preceptiva, os deportistas individuais e as entidades deportivas deberán facer unha **solicitud, achegando un documento (segundo modelo en anexo) no que declare e poña de manifesto o seguinte:**

- O coñecemento da normativa en vigor que afecta a actividade a desenvolver na instalación deportiva municipal, e o seu estrito cumprimento por parte de todos e cada un dos integrantes da entidade.
- O coñecemento do protocolo de uso da instalación deportiva municipal, e a súa aceptación expresa. Así como calquera indicación que reciba directamente do persoal do Servizo de Deportes, e en especial do de control e vixilancia da instalación.
- O coñecemento das circunstancias excepcionais actuais, os protocolos e as normas establecidas para garantir a saúde e seguridade de todos os participantes antes, durante e con posterioridade a actividade a desenvolver na instalación. En especial, o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVID- DXTGALEGO da SXD e o protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva.
- **Eximir, expresamente, ao Concello de Cambados de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.**

Xunto coa solicitude, ou previo ao inicio da actividade, se deberá achegar o protocolo FISICOVID da federación deportiva responsable da modalidade deportiva/as que desenvolva a entidade solicitante, previamente aprobado pola SXD, ou informar do enderezo electrónico da páxina web federativa onde se atopa aloxado o citado protocolo e a súa aprobación pola SXD.

Previo ao inicio da actividade, a entidade deportiva deberá notificar a persoa que exercerá de **coordinador da entidade deportiva**, e que será o responsable da entidade de aplicación dos respectivos protocolos e normas, e que será o único interlocutor ante o Servizo de Deportes.

As entidades deportivas usuarias **designarán un responsable técnico encargado de cada grupo de adestramento** que velará polo cumprimento do protocolo establecido neste documento, e responderá ante o Concello durante o momento de desenvolvemento da actividade na instalación. Debendo acatar as indicacións que, en cada momento, se den polo persoal municipal responsable da instalación.

A entidade deportiva deberá velar e responsabilizarse para que **non poidan acceder a instalación** os deportistas **positivos** en COVID 19, inda que sexan **asintomáticos**, así como aqueles **non diagnosticados pero que teñan algún síntoma**.

A **entidade deportiva** deberá **responsabilizarse** de que as persoas dependentes delas, con acceso as IDM, teñen un **control da temperatura corporal**, previa ao inicio da actividade e antes de acceder a instalación, **en caso de superar os 37,5º non poderán acceder as instalacións deportivas**.

O persoal da entidade deportiva deberá utilizar os elementos de protección que en cada momento veñan determinados polas distintas normas. **A desinfección de mans e pés, o uso de máscaras e o control de temperatura.**

As distintas persoas integrantes da entidade deportiva teñen unha **responsabilidade para si e para cos demais**, polo que deberán seguir coa máxima responsabilidade e cautela as **normas hixiénico-sanitarias** dispostas polas autoridades sanitarias, e en especial:

- O **distanciamiento físico mínimo** (1,5 metros). Se procurará unha distancia física superior na realización de actividades deportivas.
- O **constante lavado de mans** seguindo as indicacións dispostas polas autoridades sanitarias.
- O **uso da máscara** en instalacións cubertas ou aire libre agás para a practica deportiva.
- **Desinfección ao finalizar a actividade de todo o material deportivo utilizado**, tanto persoal como propio da instalación.

Na instalación deportivas so poderán acceder os deportistas e o cadro técnico mínimo necesario para o desenvolvemento da actividade, e o responsable/coordinador do club e a persoa que, de ser o caso, exerza de **xefe/a médico**. Coa salvedade de aquelas competicións que se podan desenvolver coa presenza de seareiros.

Normas xerais do uso das instalacións:

O **uso das instalacións deportivas estará limitado ao aforo que**, en cada momento, **se determine polo Servizo de Deportes** e que nunca superará o disposto polas autoridades competentes, que inicialmente está en 25 persoas máximo (incluído o corpo técnico), sen superar os 2/3 de aforo.

Só está permitido o acceso ás instalacións deportivas a aquelas persoas previamente designadas pola entidade deportivas e que son imprescindibles para o desenvolvemento da actividade. **Non se permite o acceso de persoas alleas a actividade , así como acompañantes** (amigas/os, parentes, etc.).

Non está permitida ningunha actividade que non sexa deportiva ou non estea autorizada previamente polo Servizo de Deportes.

Os **equipos de categoría base accederán a instalación todos xuntos e acompañados pola persoa designada pola entidade como responsable do grupo**. Tanto no axuntamento fora da instalación, como no acceso a mesma, se deberá gardar a distancia interpersoal de seguridade fixada polas autoridades sanitarias (1,5 mts).

O acceso a instalación so estará permitido 10' antes do inicio da actividade, e deberá abandonarse, como máximo, aos 10' de finalizada a actividade. De usarse os vestiarios, o tempo para abandonar a instalación será de 30'.

Se respectaran, en todo momento, os horarios e espazos deportivos asignados.

Deberán **limparse as mans coas solucións hidroalcohólicas antes de entrar** en cada instalación/estancia/sala, así como ao saír de cada instalación/estancia/sala.

Deberán **desbotar as máscaras, luvas, papel, etc.. que se utiliza, nas papeleiras** que hai nas entradas de cada instalación/estancia/sala.

Se evitará tocar calquera superficie da instalación que non sexa imprescindible para o desenvolvemento do adestramento.

As persoas integrantes da entidade deportiva, que accedan as instalación, virán provistos de **máscara hixiénica ou cirúrxica, que será obrigatoria en todo momento**, agás, na práctica de actividade física e deporte.

De levar enseles persoais a instalación, estes se deberán deixar, durante a práctica da actividade, recollidos nunha bolsa de propiedade do participante nos vestiarios. O SMD non se fai responsable da custodia dos mesmos.

Na mesma zona asignada (vestiarios) para o depósito dos enseles, se deberán cambiar, obrigatoriamente, o calzado da rúa por un específico para a práctica deportiva. Nas actividades o aire libre estará permitido acudir coa uniformidade e calzado posto.

Unha vez no interior, e cambiado o calzado da rúa por un específico para a actividade, se deberá ir directamente ao espazo deportivo asignado (pistas, terreo de xogo, ximnasio).

O uso de máscara é obrigatorio durante todo o tempo de permanenza na instalación, agás, para as persoas que desenvolven a actividade (deportistas) que poderán non utilizala no momento creto da práctica deportiva. Para os membros do cadro técnico e demais persoal de apoio é obrigatorio o seu uso sempre.

O horario asignado deberá cumprirse rigorosamente, non podendo atrasarse nin excederse en ningún momento nas franxas asignadas de tempo, nin ocupar espazos distintos aos solicitados, rógase ás entidades deportivas a máxima puntualidade para cumprir co tempo do que dispoñen, tanto por perigo de provocar afluencia e demoras na entrada, como por respecto aos seguintes usuarios e aos propios traballadores do centro (con quendas de desinfección obrigatorios asignados e dependentes do cumprimento estrito dos horarios). Por mor das medidas hixiénico-sanitarias a realizar entre quenda e quenda, se poderá variar e/ou reducir o horario asignado.

Non se poderán facer xuntanzas/reunións en ningún lugar da instalación deportiva, agás aquelas previamente autorizadas polo Servizo de Deportes é deberán facilitar un listado dos asistentes a reunión. Sempre se deberá gardar a correspondente distancia de seguridade (1,5 m) e o uso de medidas de protección necesarias, con utilización obrigatoria de máscara hixiénica

A entidade deportiva deberá ter, entre os seus aparellos de traballo, polo menos, solución hidroalcohólica suficiente para o grupo que está desenvolvendo a actividade e produto desinfectante autorizado polo Ministerio de Sanidade para desinfectar o material propio da entidade (balóns, picas, cintas, etc.) segundo dispoña o protocolo FISICOVID da federación correspondente.

É obrigatoria para a entidade deportiva usuaria, a desinfección de calquera material utilizado para o adestramento/actividade deportiva, tras cada sesión.

Os membro da entidade deportiva non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares. Todos estes produtos deberán ter o nome de cada un. No caso de que se deixen nas instalacións, procederase á súa retirada e refugallo.

Os desperdicios xerados pola entidade deportiva como consecuencia do uso da instalación deberán ser depositados nas papeleiras repartidas por toda a instalación.

Non se permite deixar ningún material persoal ou de adestramento en ningunha das salas ou instalacións non habilitadas ao respecto, de ser así procederase á súa retirada e refugallo.

Nas instalacións deportivas non está permitido o uso das bancadas, agás naquelas actividades, previamente autorizadas, que contén coa participación de seareiros.

Nas sesións de adestramento se deberá manter os grupos de traballo estables durante a sesión e, tamén se procurarán manter durante toda a semana de adestramentos: mesmas parellas ou grupos para os exercicios co obxectivo de reducir o número de contactos.

As sesións de adestramento deberá deseñarse tendo en conta o menor nivel de risco posible de contaxio. Dispoñendo os medios suficientes para controlar os factores chave a considerar no adestramento como mais importantes para valora o risco:

- A característica da instalación deportiva: aberta ou pechada.
- O tamaño do espazo deportivo que determina o espazo de xogo de cada xogador.
- A duración dos exercicios que compoñen a sesión.

Normas específicas de uso dos vestiarios:

Os vestiarios, e duchas so se poderán utilizar os asignados previamente polo Servizo, e con cumprimento do aforo máximo determinado e do tempo máximo asignado.

Os vestiarios asignados a cada grupo dos equipos usuarios deberán ser, na medida do posible, utilizados sempre polas mesmas persoas do grupo de tal xeito que se poda facer un seguimento correcto do seu uso.

Non está permitido realizar ningunha outra actividade distinta da propia dun vestiario (cambiarse a roupa e hixiene persoal).

Tanto a entrada como a saída se deberá facer unha correcta limpeza de mans con xabón.

Desbotar os panos ou calquera material desbotable nas papeleiras instaladas.

Non está permitido beber dos gripos dos vestiarios.

É obrigatorio o uso de chancas nos vestiarios e duchas.

Se recomenda que os pequenos grupos que se formen para o uso dos vestiarios sexan os mesmos en todas as sesións para facilitar, de selo caso, a trazabilidade dos posible contaxios de COVID19.

Normas específicas de uso dos aseos:

A ocupación máxima será dunha persoa salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante.

Non se poderán utilizar para outro fin que o propio, e polo tempo imprescindible.

Non está permitido beber dos gripos dos vestiarios.

Normas específicas de uso de salas e ximnasios:

So poderán facer uso das salas e ximnasios as entidades que previamente o teñan asignado.

Se deberá **respectar**, en todo momento, **o aforo máximo** disposto polo Servizo de Deportes e identificado mediante carteis ao acceso do mesmo.

Para acceder e saír do ximnasio será **obligatorio limpar as mans con solución hidroalcohólica**.

Para o uso do ximnasio cada deportista deberá **utilizar unha toalla**: para interpoñer entre o corpo e as máquinas, colchonetas/esterillas ou chan.

No ximnasio non se poderán usar máquinas con unha distancia mínima entre posto de un metro e medio (1,5 m). Para elo, se deberá estruturar a sesión e o grupo de tal xeito que se cumpra esta medida.

Queda prohibido o uso daquelas máquinas que teña o cartel “fora de uso/servizo”.

Unha vez finalizada a actividade, será obrigatorio, e de responsabilidade da entidade deportiva a desinfección do equipamento e material utilizado polos seus deportistas.

Normas específicas para o acceso de público as instalacións:

Con carácter xeral, está prohibido o acceso de público e/ou acompañantes as instalacións deportivas. Coa excepción daquelas actividades (competición e/ou eventos) que se autoricen polo Servizo de Deportes coa presenza de seareiros.

Para elo, se estará ao disposto, en cada momento, polas autoridades sanitarias e as normas específicas que se diten.

Inicialmente as normas serán:

- Aforo limitado ao disposto na autorización da actividade polo Servizo de Deportes.
- Responsabilidade da entidade deportiva do cumprimento da normativa en canto a aforo, control do mesmo e ríspeto das medidas de seguridade dispostas, con especial atención a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.
- Obrigatoriedade de uso de máscara en todo o momento que se permaneza na instalación, tanto pechadas como abertas.
- O público, durante a competición, deberá permanecer sentado. Non están permitidas as localidades de pé.

ANEXO: AFORO POR ESPAZO DEPORTIVO

Atendendo ao disposto pola distinta normativa deportiva, de edificación e a regulación actual en cando a medidas hixiénico-sanitarias disposta polas autoridades sanitarias, así como aplicando os criterios primordiais de cautela e prevención:

Nos espazos deportivos, sen superar os 2/3 do aforo normativo, e para manter un criterio de maior cautela, se dispón un maior espazo por persoa, incrementar os m² dos dispostos pola normativa en vigor (RITE, e outras). Así pois, en espazos deportivos con equipamento se dispón 10m²/persoa, en ximnasios sen aparatos 6m²/persoa. E nas pistas polideportivas, en previsión dun uso compartido en metades, se determina un espazo mínimo por deportista de 20m², de tal xeito que poida posibilitar a máxima distancia de seguridade interpersonal a maior tempo posible durante as sesións.

Aforos no Complexo Deportivo de O Pombal

Espazo deportivo	Total m2	m²/persoa Normativa	Aforo Normativa	Aforo COVID19 (2/3 do máx)	Aforo protocolo
Ximnasio Pavillón Pombal	46,8 m ²	5	9	6	4
Ximnasio Pavillón Náutico	66,7 m ²	5	13	9	6
Sala de remo Náutico	29,4 m ²	5	6	4	2
½ Campo de fútbol f11	2.500 m ²				25
½ Campo de fútbol f8	1.250 m ²				25
1/2 Pista polideportiva Pombal	400 m ²				20
Pista de atletismo					25
Sala reunións	18,6 m ²	1,5	12	8	8
Grada Pavillón Pombal					76
Grada Campo fútbol 1 Pombal					76
Grada Campo fútbol 2 Pombal					24

Aforos

Espazo deportivo	Total m2	m²/persoa Normativa	Aforo Normativa	Aforo COVID19 (2/3 do máx)	Aforo protocolo
1/2 Pista polideportiva Santomé	400 m ²				20
1/2 Pista polideportiva Cabanillas	400 m ²				20
Grada Pavillón R. Cabanillas					21
Grada Pavillón Santomé					56
Gradas campo de fútbol Burgáns					208

ANEXO: DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN DA ENTIDADE DEPORTIVA USUARIA

DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN

D/D^a _____ con NIF _____
en representación da entidade _____ con NIF _____

SOLICITO que a entidade que represento poida desenvolver os seus adestramentos nas instalacións deportivas municipais que se lle asignen en función da solicitude horaria que presentei previamente e, tendo en conta a disposición organizativa do Servizo de Deportes, para o cal lín con detalle a información proporcionada polo Concello de Cambados e acepto as condicións de participación adoptando as medidas oportunas e necesarias,

DECLARO

- Que a entidade que represento coñece a normativa en vigor que afecta a actividade a desenvolver na instalación deportiva municipal, e comprométese o estrito cumprimento da mesma por parte de todos e cada un dos integrantes da entidade.
- Que a entidade que represento coñece o protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais, e a súa aceptación expresa. Así como calquera indicación que reciba directamente do persoal do Servizo de Deportes, e en especial do de control e vixilancia da instalación.
- Que a entidade que represento coñece as circunstancias excepcionais actuais, os protocolos e as normas establecidas para garantir a saúde e seguridade de todos os participantes antes, durante e con posterioridade a actividade a desenvolver na instalación. En especial o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte, e o protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva (de estar aprobado).
- Que a entidade que represento exime, expresamente, ao Concello de Cambados de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.
- Que a entidade que represento dispón das declaracións responsables, aceptacións e compromisos individuais de cada un dos membros da entidade que participarán na actividade nas instalacións deportivas municipais.

Pola mesma, noméase coordinador/a responsable da entidade deportiva a efectos do disposto no Protocolo Básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais, a D./Dna. _____
_____ con NIF _____

Cambados, ____ de _____ de _____

Asdo.:

ANEXO: MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN

DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN

D/D^a. _____ con NIF _____

actuando en nome propio, ou como pai/nai/titor do interesado/a (menor de idade)

(de selo caso, datos do menor de idade)

D/D^a. _____ con NIF _____

para a actividade de volta aos adestramentos e competicións organizada pola entidade deportiva _____ para a tempada 2020-2021.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE

Declaro non estar diagnosticado/a de Covid-19, e non presentar sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin se me presentaron nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padezo ningunha outra enfermidade contaxiosa.

Declaro que non se convivo con ninguén afectado polo Covid-19 nin estiven en contacto estreito nin compartín espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

Comprométome a notificar inmediatamente á entidade deportiva calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

Declaro, no caso de pertencer a un grupo vulnerable fronte á Covid-19, que son consciente de que tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados vulnerables.

(PERSONA VULNERABLE: persoa con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.)

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19

Lin, acepto e comprométome a manter as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

DECLARACIÓN DE LER E ACEPTAR A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLO CLUBE SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE Á COVID-19

Declaro que recibín e lin o Protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Cambados e que, polo tanto, teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

Declaro que recibín e lin as medidas de prevención dispostas polo clube e protocolo FISICOVID da Federación Galega.

Cambados, _____ de _____ de _____

Asdo.:

ANEXO: DECÁLOGO DE COMO ACTUAR NO CASO DE TER SÍNTOMAS DE COVID19



DECÁLOGO como ACTUAR no caso de ter SÍNTOMAS DE COVID-19 (febre, tos ou dificultade respiratoria):
Cofece como actuar, así poderás axudarnos e tamén prestar axuda as persoas da nosa contorna.



1. Auto-aislarse

Nunha habitación de uso individual con fiestra, mantendo a porta pechada e se é posible, baño individual.
Se non é posible: mantén a distancia de seguridade de 2 metros co resto dos conviventes e extrema as medidas de hixiene.



2. Manterse comunicado

Ten dispoñible un teléfono para informar das necesidades que poidas ter, e poidas manter a comunicación cos teus seres queridos.



3. Sensación de gravidade

Se tes sensación de falta de aire ou te encontras moi mal, chama ao teu centro de saúde ou ao 900 400 116



4. Autocoidados

Usa paracetamol para controlar a febre, pon panos fríos na fronte ou toma unha ducha tépeda para axudar a controlar a temperatura, bebe líquidos, descansa pero móvete de cando en vez.



5. Hábitos saudables

Mantén un horario de descanso axeitado, e leva a cabo unha alimentación saudable consumindo froitas e verduras.



6. Illamento domiciliario

Agora que xa tes feito o máis inmediato, revisa e aplica as medidas de illamento domiciliario www.coronavirus.sergas.gal



7. Lavado de mans

Asegúrate que na casa todos cofecen como facer un correcto lavado de mans www.coronavirus.sergas.gal



8. Se empeoras

Se tes moita dificultade para respirar ou non controlas a febre, chama ao 061



9. 14 Días

Debes manter o illamento 14 días dende o inicio dos síntomas.
Se despois deste tempo segues con síntomas, chama ao teu centro de saúde



10. Alta

O seguimento e alta, serán supervisados polo teu médico de Atención Primaria